

Poboación

A 01.01.2018, os datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia era de 2.703.290 persoas, o que supón un descenso de poboación ao longo de 2017 de -6.753 persoas (o -0,2% do total). Tal e como está a ser a tendencia destes últimos anos, este descenso é menor ao rexistrado no ano anterior, é dicir, a poboación continúa a reducirse pero o fai cada vez a menor ritmo. Un ano máis, a causa principal reside no valor negativo do saldo vexetativo (nacementos - defuncións) que é, con -13.522 persoas, o segundo máis negativo de España en relación coa poboación de cada Comunidade (só por diante de Castela-León). Tamén presenta saldo negativo, aínda que en moita menor medida, a migración interior.

A migración tanto exterior como interior mellorou o seu comportamento fronte a anos anteriores; a migración exterior amosou por cuarto ano consecutivo un valor positivo, incrementándose nun 46,2% respecto á rexistrada en 2016 e a migración interior, aínda que amosou un saldo negativo, fíxoo en tan só -212 persoas, o que supón o seu mellor dato desde o comezo da crise. Con todo, o saldo total do descenso de poboación en Galicia no 2017 sitúa de novo a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma que máis poboación perde en relación co seu número de habitantes.

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2018

	Poboación a 1 de xaneiro de 2018 (*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2017	Saldo ano 2017			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.703.290	2.710.129	-13.522	6.981	-212	-6.753
España	46.659.302	46.527.039	-31.500	164.604	0	133.104

Fonte: INE / (*) Datos provisionais

Produto interior bruto


O PIB galego incrementouse no primeiro trimestre de 2018 en 0,7 décimas (0,7 tamén en España), o que leva, por terceiro trimestre, consecutivo a un incremento interanual dun 3,1%, incremento que supera nunha décima ao rexistrado para o PIB estatal. Tanto en Galicia como no conxunto de España, o PIB mantense estable en valores interanuais que oscilan entre o 3,0% e o 3,2% nos últimos seis trimestres. Porén, o dato adiantado para o PIB estatal no 2º trimestre de 2018 dun crecemento do 0,6% no trimestre e do 2,7% en taxa interanual, apuntaría a unha desaceleración do crecemento do PIB a nivel estatal.

Variación interanual porcentual del PIB (índices de volumen encadenados, referencia año 2010=100. Datos corregidos de estacionalidad y calendario) Galicia-España 2012-2018 (*)

	% (T/T-4)	2012	2013	2014	2015	2016	2017	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18
Galicia		-3,2	-0,4	1,1	2,1	3,1	3,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3	3,3	3,2	3,1	3,2	3,1	3,1	3,1
España		-2,9	-1,7	1,4	3,4	3,3	3,1	2,9	3,4	3,6	3,8	3,5	3,4	3,2	3,0	3,0	3,1	3,1	3,1	3,0

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE

(*) En data 02.10.2017 foron actualizados e revisados os datos estatísticos da Contabilidade Trimestral, como consecuencia da incorporación das novas series da Contabilidade Nacional Anual publicadas o 12/09/2017. A información actualizada está dispoñible para a súa consulta na web do INE



Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do segundo trimestre de 2018, a poboación activa de Galicia se incrementou en 14.200 persoas respecto do primeiro trimestre (en termos porcentuais, un 1,15%, fronte a un 0,72% en España no período de referencia). Respecto do segundo trimestre de 2017, a poboación activa en Galicia mantívose practicamente constante, mentres que no conxunto de España o incremento foi de 106.600 persoas, un 0,47% máis.

No que se refire á ocupación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado medrou neste trimestre; en Galicia o fixo en 25.600 persoas, o que supón un incremento do 2,4%, dato moi lixeiramente inferior á media estatal do 2,5%. En termos interanuais, o incremento da ocupación foi tamén próximo pero inferior ao rexistrado a nivel estatal (incremento do 2,6% en Galicia fronte ao 2,8% rexistrado en España nos últimos 12 meses). A taxa de ocupación galega, pola súa banda, acadou o 46,1%, un incremento superior en 1,1 puntos porcentuais a do trimestre anterior, e nun 1,3% porcentaxe ao do segundo trimestre de 2017, pero inferior en 3,7 puntos á española.

Para rematar coa análise da EPA do trimestre, o paro diminuíu en Galicia en -11.500 persoas respecto ao trimestre pasado, (un -6,1%), e en -26.400 persoas nos últimos doce meses (un -13,1%). Con estes valores, a taxa de paro fica no 14,0%, inferior en 1,3 puntos porcentuais á da media española (o 15,3%), co cal prosegue a tendencia á baixa desta variable observada en trimestres anteriores.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2018

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.250,8	14,2	1,1	0,5	0,0
España	22.834,2	163,9	0,7	106,6	0,5

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

En cada mes do segundo trimestre do ano rexistráronse diminucións do paro rexistrado en Galicia, máis intensas canto máis se achega o verán, sendo xuño o mes de maior redución do paro en termos absolutos. En termos interanuais, o descenso do paro rexistrado mantense por riba do 10% cada mes do trimestre.

O análise dos principais parámetros achega algunha novidade significativa: así, a redución do paro rexistrado por sexos, sempre en variación interanual, foi mais intensa entre os homes. A pesar diso, mentres que o descenso dos parados homes foi case idéntico en termos absolutos ao que se rexistrou no 2º trimestre de 2017 (redución interanual un -0,5% menor da observada en 2T17), entre as mulleres o paro rexistrado descendeu con maior intensidade que no trimestre do ano anterior (é dicir: en termos interanuais, a redución de paradas rexistradas foi un 12,3% maior que en 2T17, pasándose de 25.007 a 28.090). Por rangos de idade, e en termos relativos, a redución do paro rexistrado foi máis intensa para o colectivo de 30 a 44 anos, e menos intensa para o de maiores de 44 anos. O análise por sectores de actividade amosa unha diminución máis intensa no sector da construción, con porcentaxes que superan o -20% en termos interanuais nos tres meses analizados, seguido da industria, con porcentaxes que varían entre o -12,7% e o -14,5%. No sector servizos e no grupo de persoas sen emprego anterior a redución do paro rexistrado, aínda que menos intensa, supera o -7% interanual para cada un dos meses analizados.

Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, 2º Trimestre 2018

2T 2018	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	182.291	176.696	170.065	-2.812	-5.595	-6.631	-1,5%	-3,1%	-3,8%	-22.338	-22.942	-19.600	-10,9%	-11,5%	-10,3%
Homes	78.073	75.079	71.805	-2.479	-2.994	-3.274	-3,1%	-3,8%	-4,4%	-12.734	-12.921	-11.135	-14,0%	-14,7%	-13,4%
Mulleres	104.218	101.617	98.260	-333	-2.601	-3.357	-0,3%	-2,5%	-3,3%	-9.604	-10.021	-8.465	-8,4%	-9,0%	-7,9%
<30 anos	23.738	22.548	20.871	-215	-1.190	-1.677	-0,9%	-5,0%	-7,4%	-3.102	-3.700	-2.939	-11,6%	-14,1%	-12,3%
entre 30 e 44 anos	62.437	60.254	57.507	-1.455	-2.183	-2.747	-2,3%	-3,5%	-4,6%	-10.625	-10.168	-8.541	-14,5%	-14,4%	-12,9%
>44 anos	96.116	93.894	91.687	-1.142	-2.222	-2.207	-1,2%	-2,3%	-2,4%	-8.611	-9.074	-8.120	-8,2%	-8,8%	-8,1%
Agricultura e Pesca	6.673	6.412	6.174	-56	-261	-238	-0,8%	-3,9%	-3,7%	-848	-974	-904	-11,3%	-13,2%	-12,8%
Industria	20.667	19.788	19.215	-592	-879	-573	-2,8%	-4,3%	-2,9%	-3.056	-3.320	-2.799	-12,9%	-14,4%	-12,7%
Construción	16.920	16.008	15.306	-808	-912	-702	-4,6%	-5,4%	-4,4%	-4.659	-4.452	-3.963	-21,6%	-21,8%	-20,6%
Servizos	122.133	118.858	114.176	-1.479	-3.275	-4.682	-1,2%	-2,7%	-3,9%	-12.587	-12.736	-10.678	-9,3%	-9,7%	-8,6%
Sen emprego anterior	15.898	15.630	15.194	123	-268	-436	0,8%	-1,7%	-2,8%	-1.188	-1.460	-1.256	-7,0%	-8,5%	-7,6%

Fonte: Boletín Mensual do Paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

No relativo á contratación, no segundo trimestre do ano asináronse 281.646 contratos novos en Galicia, que supoñen un 11,0% máis respecto dos asinados no primeiro trimestre, e un incremento dun 6,2% en novos contratos asinados se comparamos co segundo trimestre de 2017. Por sectores de actividade, e no que atinxe á comparación cos tres primeiros meses do ano, hai que sinalar que, se ben se observa incremento da contratación en todos os sectores, o sector servizos foi o protagonista do crecemento da contratación neste trimestre (máis dun 13% de novos contratos respecto ao trimestre anterior, mentres que o seguinte sector con máis crecemento, o da construción, creceu un 6,0%). En termos absolutos, o 93% do incremento en novos contratos asinados produciuse no sector servizos. Porén, se tomamos como referencia o segundo trimestre do ano anterior, esta análise vese modificada, xa que o comportamento dos novos contratos asinados por sector resulta ser bastante parello, cunha pequena diferenza do 1,3% entre os sectores nos cales o número de novos contratos crece menos (industria e servizos, un 6,1% e o sector no que crecen mas (construción, 7,4%). Respecto do tipo de contrato asinado, destacar o crecemento dos contratos indefinidos asinados no segundo trimestre respecto do mesmo trimestre do ano anterior (un 22,7% máis) Respecto do trimestre pasado, estes contratos se incrementaron só nun 1,1%, en comparación co incremento do 12,1% dos temporais, e o de outras modalidades contractuais, que se incrementaron nun 16,8% respecto dos asinados no trimestre anterior.

Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, 2º Trimestre 2018

2º Trimestre 2018	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
	281.646	27.982	11,0%	16.404	6,2%
Homes	150.699	15.792	11,7%	10.140	7,2%
Mulleres	130.947	12.190	10,3%	6.264	5,0%
<30 anos	91.295	12.187	15,4%	4.423	5,1%
entre 30 e 44 anos	118.997	9.397	8,6%	4.136	3,6%
>44 anos	71.354	6.398	9,8%	7.845	12,4%
Indefinido	24.736	262	1,1%	4.576	22,7%
Temporal	252.629	27.246	12,1%	12.728	5,3%
Prácticas / Formación	1.856	125	7,2%	-55	-2,9%
Outros	2.425	349	16,8%	-845	-25,8%
Agricultura e Pesca	7.345	125	1,7%	437	6,3%
Industria	40.903	1.072	2,7%	2.366	6,1%
Construción	13.014	732	6,0%	901	7,4%
Servizos	220.384	26.053	13,4%	12.700	6,1%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social para o segundo trimestre do ano revelan un período de crecemento constante e apreciablemente máis intenso que o rexistrado en trimestres anteriores, especialmente no que se refire ao crecemento da afiliación nos últimos 12 meses, con incrementos medios da afiliación que oscilaron entre o 2,6% e o 2,7% en Galicia, e sobre o 3,1% en España en cómputo interanual. Como dato sobranceiro, en xuño se alcanzou o millón de persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia, e os 19 millóns a nivel estatal. Neste trimestre o ritmo de crecemento interanual da afiliación en Galicia aproximouse máis ao ritmo estatal, de xeito que, mentres que o crecemento interanual da afiliación ao remate do 2º trimestre de 2017 en España era 1,5 puntos porcentuais máis intenso que en Galicia, a 30 de xuño de 2018 esa diferenza reduciuse ata os 0,4 puntos porcentuais.

Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España, 2º Trim. 2018

	Afiliacións medias 2º Trim. 2018			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	989.416	998.092	1.006.499	4.532	8.676	8.407	0,46%	0,88%	0,84%	24.948	28.788	26.621	2,59%	2,76%	2,72%
España	18.678.461	18.915.668	19.006.990	176.373	237.207	91.322	0,95%	1,27%	0,48%	556.239	570.254	573.083	3,07%	3,11%	3,11%

Fonte: IGE Informe de afiliación á seguridade social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

Sinistralidade

A sinistralidade laboral mantén nos tres primeiros meses de 2018 a tendencia alcista observada no primeiro trimestre de 2017, ao aumentar o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo nun 3,2%. Con respecto ao primeiro trimestre de 2017, a principal novidade é que os accidentes graves incrementáronse neste trimestre en máis dun 30%, cando fai catro trimestres reducíanse en case o mesmo porcentaxe. Os accidentes mortais, pola súa parte, reducíronse de oito a sete.

Coa excepción do sector servizos (redución dun -0,8%), os accidentes incrementáronse en todos os sectores de actividade, de xeito lixeiro nos sectores da agricultura e da pesca, e con máis intensidade na industria (7,7%) e o da construción, cun aumento dos accidentes dun 13%. Os accidentes graves aumentaron en todos os sectores de actividade, e o fixeron en porcentaxes que superaron o 20% en todos os casos, destacando o caso dos accidentes graves na industria, onde incrementáronse nun 42,9%. Os accidentes mortais mantivéronse constantes respecto dos producidos no primeiro trimestre de 2017 en todos os sectores salvo na construción, onde produciuse un accidente mortal menos que nese período.

Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, 1º Trimestre 2017-2018

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	285	289	1,40	12	15	25,00	2	2	0,00	299	306	2,34
Pesca	250	251	0,40	9	11	22,22	0	0	0,00	259	262	1,16
Industria	1.904	2.044	7,35	21	30	42,86	1	1	0,00	1.926	2.075	7,74
Construción	688	777	12,94	17	21	23,53	3	2	-33,33	708	800	12,99
Servizos	3.173	3.138	-1,10	29	38	31,03	2	2	0,00	3.204	3.178	-0,81
Total	6.300	6.499	3,16	88	115	30,68	8	7	-12,50	6.396	6.621	3,52

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Índices de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia, 1º Trimestre 2017-2018

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	918,4	938,9	2,2	38,7	48,7	26,0	6,4	6,5	0,0	963,5	994,1	3,2
Pesca	1.348,8	1.352,6	0,3	48,6	59,3	22,1	0,0	0,0	0,0	1.397,4	1.411,9	1,0
Industria	1.526,0	1.579,1	3,5	16,8	23,2	37,7	0,8	0,8	-3,8	1.543,6	1.603,0	3,9
Construción	1.441,5	1.525,3	5,8	35,6	41,2	15,7	6,3	3,9	-37,5	1.483,4	1.570,5	5,9
Servizos	564,3	540,9	-4,2	5,2	6,6	26,9	0,4	0,3	-3,1	569,8	547,8	-3,9
Total	803,2	802,5	-0,1	11,2	14,2	26,6	1,0	0,9	-15,7	815,5	817,5	0,3

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

No que respecta aos índices de incidencia amósase que, aínda que o índice se reduciu lixeiramente nos accidentes leves e con máis intensidade no caso dos accidentes mortais, o incremento rexistrado nos accidentes graves fai que o índice total aumente no 1º trimestre deste ano, aínda que de xeito moi pequeno. Por sectores, o incremento foi máis intenso na construción, cun 5,9% de aumento do índice de incidencia. O sector servizos aportou a nota positiva, cunha redución do índice nese sector do -3,9%.

Conflitividade

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para os catro primeiros meses de 2018, en Galicia leváronse a cabo 19 folgas, o que supón un descenso dun -40,6% fronte as do mesmo período do ano anterior, descenso que tamén se observa en España, aínda que con menos intensidade (un -12,1% menos). Porén, non se observa unha correlación entre o descenso do número de folgas e a súa repercusión: en Galicia, o número de traballadores participantes en folgas reduciuse en menor medida que o número de conflitos deste tipo (un -14,2%) e o de xornadas non traballadas mesmo incrementouse dun xeito moi notable, chegando case a triplicarse fronte aos catro primeiros meses de 2017 (incremento do 188,2%) A nivel estatal, e a pesar da xa mencionada diminución do número de folgas, tanto as persoas traballadoras participantes nelas como as xornadas non traballadas pola súa causa incrementáronse dun xeito moi notable (un 154,4% e un 129,63%, respectivamente). Deste xeito, en Galicia houbo menos folgas no período de referencia e participaron menos traballadores nelas en valores absolutos (non así en valores relativos), pero quen participaron nelas o fixeron durante moito máis tempo.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Abril 2018

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	19	-13	3.478	-576	18.569	12.127
España	239	-33	135.960	82.924	219.462	123.891

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

Expedientes de regulación de emprego

O análise dos últimos datos dispoñibles de expedientes de regulación de emprego -primeiro trimestre de 2018- apréciase unha diminución do -21% dos expedientes presentados respecto ao mesmo trimestre de 2017. Este descenso non afecta a todos os tipos de medida, xa que os expedientes por despedimentos colectivos aumentaron nun 8,3% respecto a 2017. Porén, tanto os de redución de xornada como os relacionados con suspensión de contratos, presentaron redución no seu número superiores ao -25% (-25,8% e -31,6% respectivamente). Se nos fixamos nos sectores de actividade afectados vemos que, coa excepción da pesca, na que os expedientes presentaron pasaron de 5 a 6 respecto do 1º trimestre de 2017, no resto dos sectores se apreciou unha redución de expedientes que varía entre o -18,8% no sector servizos e o -33,3% na construción. No sector agrícola, como xa sucedera no 1º trimestre de 2017, non se presentaron expedientes de regulación de emprego.

Pola contra, respecto do número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, se aprecia un incremento de persoas traballadoras afectadas do 5,7% respecto ao primeiro trimestre de 2017, aumento que deriva do incremento das persoas afectadas por ERE por despedimentos colectivos. Hai que sinalar que o comportamento foi dispar entre sexos, pois o impacto dos ERE entre as mulleres aumentou nun 10,7%, mentres que nos homes só o fixo nun 4,1%. Con todo, os homes seguen a representar o 73;9% das persoas afectadas por ERE.

Expedientes de regulación de Emprego segundo a medida e o sector de actividade (Xaneiro-Marzo 2018)

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2017	2018	% Var.	2017	2018	% Var.	2017	2018	% Var.	2017	2018	% Var.
Agricultura	0	0	-----	0	0	-----	0	0	-----	0	0	-----
Pesca	1	1	-----	4	5	25,0%	0	0	-----	5	6	20,0%
Industria	5	4	-20,0%	9	6	-33,3%	5	3	-40,0%	19	13	-31,6%
Construción	1	1	0,0%	4	3	-25,0%	1	0	-100,0%	6	4	-33,3%
Servizos	5	7	40,0%	14	9	-35,7%	13	10	-23,1%	32	26	-18,8%
TOTAL	12	13	8,3%	31	23	-25,8%	19	13	-31,6%	62	49	-21,0%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

Custos laborais e salariais

O valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes incrementouse nun 1,6% en termos interanuais no primeiro trimestre de 2018, segundo a *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE, acadando un total de 2.245,6€. O valor medio do custo salarial, pola súa banda, acadou os 1.630,8€, o que supón un incremento do 1,3% en termos interanuais. En ambos casos, estes valores supoñen que os valores dos custos salariais e laborais por persoa traballadora e ano incrementáronse en termos interanuais por quinto trimestre consecutivo.

No relativo aos custos por hora efectiva, no 1º trimestre de 2018 rexistrouse incrementos notables en cómputo interanual tanto no custo laboral por hora efectiva (5,4%) como no custo salarial por hora efectiva (5,0%). Tanto os custos laborais como os salariais aumentaron por riba da media estatal en termos interanuais, dándose a circunstancia de que Galicia foi a comunidade na que os custos laborais aumentaron máis en termos interanuais, e a segunda para os custos salariais, tan só por detrás de Cataluña.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2018

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2012	2.206,2	-2,6	-----	-----	1.618,1	-3,1	-----	-----
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

No segundo trimestre de 2018 constituíronse 1.141 sociedades mercantís, dato que supón un descenso do -2,1% no número de sociedades constituídas no 1º trimestre, e un incremento do 2.8% respecto ao 2º trimestre de 2017. Se ben estes números falan de estabilidade no número de sociedades constituídas, o capital de constitución das sociedades veuse reducido neste trimestre de xeito notable (menos da metade do das sociedades constituídas no primeiro trimestre, e a sexta parte do capital de constitución do conxunto das sociedades creadas no segundo trimestre de 2017)

O número de sociedades que ampliaron capital reduciuse nun -26,3% respecto ao 1º trimestre, e de xeito menor no que respecta ao segundo trimestre do ano anterior, un -3,3%. Tendo en conta o capital de ampliación das sociedades, de novo a comparación resulta negativa para o trimestre que acaba de rematar, con descensos no capital ampliado por aquelas sociedades que o fixeron dun -88,3% e o -58,6% respecto de 1T18 e 2T17, respectivamente.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2018

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.141	25.596,7	-25	-56,0%	31	-83,6%
Sociedades que ampliaron capital	294	90.428,0	-105	-88,3%	-10	-58,6%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 2º Trimestre 2018

	2T18	1T18	2T17
Sociedades disoltas	243	610	270
Sociedades que reducen capital	59	89	67
Sociedades en situación concursal	56	30	59

Máis positivo resulta o dato de disolución de sociedades mercantís, posto que se rexistraron 367 disolucións de sociedades menos que no trimestre anterior e 27 menos que no segundo trimestre de 2017, tendencia que se mantén no que se refire ás sociedades que redución capital (-33,7% e -14,9%, respectivamente).

Tamén se rexistraron seis procesos de fusión e 56 entraron en situación concursal (26 máis que no trimestre anterior, e 3 menos que no 2º trimestre de 2017) Para rematar, indicar que no segundo trimestre deste ano non se rexistrou ningún procedemento de escisión de empresas.

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o primeiro semestre de 2017 rexistráronse 52 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA no primeiro semestre, e manténdose a porcentaxe de acordos acadados por riba do 73% das mediacións e arbitaxes rematadas. Tamén no eido da negociación colectiva proseguíu a actividade do Consello, con xuntanzas na procura de sinatura de diversos convenios colectivos de sector.

En canto a súa función consultiva, a 30 de xuño a Comisión de ditames informou sobre 27 proxectos de orde no eido laboral, remitidos para o seu ditame desde a Consellerías de Economía, Emprego e Industria (26) e de Política Social (1).

Na súa labor no fomento do debate sobre temas laborais de actualidade, o Consello levou a cabo catro xornadas sobre *Dereito á intimidade e protección de datos no ámbito laboral*, un seminario formativo para cadros sindicais e laborais e unha xornada de traballo con árbitros e mediadores colaboradores co sistema extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA) do Consello Galego de Relacións Laborais.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

Consello Galego de Relacións Laborais

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

